

Concepto:

Mecanismo que relaciona oferentes e demandantes

Clasificación:



COMPETENCIA PERFECTA

- **Os produtos son homoxéneos** (non se diferencian uns doutros, son substitutivos perfectos).
- **Moitos oferentes e demandantes:** ninguén pode influenciar sobre o prezo (**son prezo-aceptantes**).
- **Liberdade de entrada e saída no mercado** (non hai barreiras de entrada nin de saída).
- **Hai información perfecta.**
- **Exemplos:** Só podemos atopar algúns exemplos nos mercados agrícolas, as lonxas de peixe ou na Bolsa de valores.




■ Monopolio

- Un só oferente (non hai competencia).
- Hai fortes barreiras de entrada (naturais e legais).
- O vendedor impón as condicións de venda.
- O produto é único.
- Exemplos: RENFE, Gas natural,...

Barreiras de entrada: Barreiras que impiden ou dificultan a entrada de empresas no mercado. Tipos:

- Control dun recurso necesario (por exemplo, unha materia prima)
- Control tecnolóxico (por exemplo, Microsoft).
- Monopolio legal.
 - Concesións administrativas.
 - Patentes
- Monopolio natural.



■ Oligopolio

- Poucos vendedores (se só hai 2, chámase duopolio).
- Hai barreiras de entrada.
- Produtos homoxeneos ou diferenciados.
- Tipos: oligopolio competitivo e, se non compiten e tratan de poñerse de acordo, chámase oligopolio colusivo ou cártel). A teoría de xogos de Nash.

■ Competencia Monopolística

- Existen moitas empresas oferentes.
- Hai liberdade de entrada e saída ao mercado (as barreiras de entrada limítanse á diferenciación do produto).
- O produto está DIFERENCIADO. Aínda que os produtos son semellantes, os produtores intentan diferenciar de cara aos consumidores a través de diversas técnicas que fai que o consumidor os considere únicos ou distintos.
- Existe unha forte competencia, pero a empresa ten certo poder para fixar o prezo

	TIPOS DE MERCADO			
	COMPETENCIA PERFECTA	COMPETENCIA MONOPOLÍSTICA	OLIGOPOLIO	MONOPOLIO
Nº OFERENTES	Moitos	Moitos	Poucos	Un
PRODUTO	Homoxéneo	Diferenciado	Homoxéneo ou diferenciado	Único
BARREIRAS DE ENTRADA	Non, liberdade de entrada e saída	Non, liberdade de entrada e saída	Fortes	Moi fortes
INFLUENZA SOBRE O PREZO	Non, empresas precio-aceptantes	Algún	Bastante	Total
COMPETENCIA	Total	Forte	Pouca	Ningunha